

DEPARTAMENTO DE URBANISMO

MELLORA DA ACCESIBILIDADE NO CONCELLO DE BOIRO

Puntos de interés especial:

- Itinerarios accesibles. Unha cidade para todos.
- Seguridade vial. Todos somos peóns



Ilmo. Concello de Boiro

Departamento de Urbanismo

Eliminación de barreiras arquitectónicas

No ano 2009, a Deputación da Coruña, xerou un Programa de Eliminación de Barreiras Arquitectónicas, para concellos de menos de 50.000 habitantes, cofinanciado por fondos FEDER, o Ministerio de Asuntos Sociais e a Fundación ONCE.


.O Concello de Boiro, solicitou a participación neste programa, a través dun proxecto cun dobre obxectivo:

A accesibilidade plena de persoas con mobilidade reducida, no entorno de

inmobles públicos ou áreas de importante tránsito peonil (praia, centro saúde, polideportivo, campo de fútbol, Centro social, etc)

O aumento da seguridade vial, mediante a instalación de sinalización vertical, e de elementos disuasorios horizontais, definidos de acordo a ORDEN FOM/3053/2008 do 23 de setembro do Ministerio de Fomento, que aproba a Instrucción Técnica para a instalación de reductores de velocidade.

Con estas premisas, solicítase subvención para a execución das obras que se están a executar na actualidade no Concello.



Seccion tipo de reductor de velocidade de acordo á instrucción técnica do Ministerio de Fomento

Contenido:

PRESENTACIÓN	1
UBICACION	2-3
CARACTERISTICAS	4

Boiro Cidade accesible

A piques de comenzar o ano 2010, a accesibilidade e a seguridade vial deben de ser unha premisa dun Concello con sensibilidade social.

Os entes autonómicos plantexan cada vez con máis firmeza a necesidade do regulamento do tráfico nas vilas, e a necesaria convivencia co peón



Esquema de previsión de execución



Concello de Majalahonda —C.C.A.A. Madrid




Vall d/Uixó —C.C.A.A. Valencia




Foz —Lugo



Jaén —CC.AA. Andalucía




de badens reductores de velocidad




Concello de Figueres—Catalunya



Concello de Aranjuez—CC.AA. Madrid



Getafe—CC.AA. Madrid



Sevilla—CC.AA. Andalucia

Descripción técnica da actuación

O proxecto técnico presentado, pretende a execución de un total de 15 pasos peonís elevados (12 de ancho simple—2,50 m, e 3 de ancho dobre 4,00 m), que permitan unha interrelación ó longo do eixo viario, garantindo unha mellora na seguridade e na accesibilidade no desprazamento de peóns e en particular daqueles que presentan algún tipo de limitación funcional ou visual, buscando unha mellor integración entre zonas residenciais e inmobles ou espazos de uso público.

A actuación prevista pasa pola actuación na beirarrúa, realizando as obras necesarias para que se poda realizar un cruce a pe chan, xunto coa execución de faixas de pavimento tipo “botón”, homologado para persoas con limitacións visuais.

Xunto coa actuación da beirarrúa, executaranse badens elevados, tendo en conta non só o regulamento do Ministerio de Fomento, senón o vixente re-

gulamento autonómico de supresión de barreiras arquitectónicas.

Deste xeito, na calzada os pasos peonís elevados coinciden coa rasante da beirarrúa, permitindo o citado paso a “pe chan”.

Os badéns disuasorios, organizaranse de tres tipos:

6 de máxima elevación, cunha plataforma inclinada de acceso e saída de 1 m, e unha elevación máxima de 9 cm, o que da como resultado unha pendente do 9%.

7 de elevación intermedia, coa mesma descripción respecto as plataformas inclinadas, e unha elevación máxima de 5 cm,

obtendo un desnivel do 5%.


2 disuasorios horizontais, sen que a elevación supere en ningún caso o 2%.

Estas actuacións na calzada e na beirarrúa van na procura de facilitar os desprazamentos dos viandantes e aumentala súa seguridade vial, en tramos onde existe unha densidade especial de nenos (paradas de bus, ou colexio), de persoas maiores (centros sociais ou centro de aude), e espazos onde circunstancialmente se producen importantes concurrencias de persoas (polideportivo, campos de fútbol ou accesos as praias)

Cada paso levará a sinalización vertical e horizontal correspondente e acorde coa actual normativa.

PUBLICACION REALIZADA POR
Ilmo Concello de Boiro
Departamento de Urbanismo
Praza de Galicia, 1
15930 BOIRO
A CORUÑA

Tfno: 981 844 800
Fax: 981 844 008
Www.BOIRO.ORG
urbanismo@boiro.org



Detalle da instrucción Técnica do Ministerio de Fomento